



## **CIRCULAR INFORMATIVA – INICIO DE CURSO 2024/2025**

### **1. CALENDARIO ESCOLAR**

As actividades lectivas comezarán o día 11 de setembro de 2024 ás 9:00 e rematarán o 20 de xuño de 2025.

Os períodos de vacacións escolares no curso 2024/25 serán os seguintes:

- Desde o día 23 de decembro de 2024 ata o día 7 de xaneiro de 2025, ambos incluídos.
- Os días 3, 4 e 5 de marzo de 2025.
- Desde o día 14 ata o día 21 de abril de 2025, ambos incluídos.
- O Día do Ensino, que terá a consideración de día non lectivo, celebrarase o 31 de outubro de 2024.

Ademais desde o centro estableceremos outros 2 días non lectivos que serán comunicados oportunamente.

### **2. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DA SECRETARÍA:**

- Do 2 ao 10 de setembro (ambos inclusive): 9 a 9:50
- 11 de setembro: Non estará aberta.
- A partir do 12 de setembro: luns, mércores e venres de 9 a 9:40; martes e xoves de 13:15 a 13:50.

### **3. HORARIO DE ATENCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO**

A atención do equipo directivo farase previa cita ao correo do colexio ([ceip.anxodagarda@edu.xunta.gal](mailto:ceip.anxodagarda@edu.xunta.gal)).

### **4. CAMBIO DE ATENCIÓN EDUCATIVA A RELIXIÓN E VICEVERSA:**

Este cambio poderase realizar ata o día 13 de setembro na secretaría do centro.

## **5. REUNIÓN DE PRINCIPIO DE CURSO:**

Estas reunións desenvolveranse na aula correspondente a cada grupo, no día e hora sinalado na seguinte táboa:

<b>CURSO</b>	<b>DÍA</b>	<b>HORA</b>
4º Educación Infantil	Venres 6 de setembro	12h
6º Educación Infantil	Venres 6 de setembro	12:30h
5º Educación Infantil	Luns 23 de setembro	16h
5º A e B Educación Primaria	Luns 23 de setembro	16h
1º Educación Primaria	Luns 23 de setembro	16:30h
3º A e B Educación Primaria	Luns 23 de setembro	16:30h
2º A e B Educación Primaria	Luns 23 de setembro	17h
6º A e B Educación Primaria	Luns 23 de setembro	17h
4º Educación Primaria	Luns 23 de setembro	17:30h

## **6. SAÍDAS DO ALUMNADO DO CENTRO E LISTA DE AUTORIZADOS/AS**

- Ningún alumno ou alumna pode saír do colexio a non ser que veña a recollelo o seu pai/nai ou titor/a ou persoa autorizada por estes, agás o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, que poderá abandonar o centro sen ser recollido sempre e cando sexa autorizado por escrito polo seu pai/nai ou titor/a.
- En caso de necesitar facer cambios á lista de autorizados/as do curso pasado pode descargar a ficha de datos persoais da web e entregalo na secretaría do centro.

## **7. ENTRADA DO ALUMNADO**

- *Alumnado de 4º e 5º de Infantil:* entrará pola porta lateral situada na rúa Angela B. Soto.
- *Resto do alumnado:* Entrada pola porta principal

## **8. ENTREGA DE MATERIAL**

O venres 6 de setembro colgaremos na páxina web do centro a listaxe de material necesario para cada grupo.

As familias poderán traer dito material ó centro nas seguintes datas:

- *Alumnado de Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria:* entregárase o día 10 de setembro de 12 a 13 h ou ben o día 16 de setembro de 16h a 17h nas respectivas aulas.

En infantil o material debe vir dentro dunha bolsa que teña o nome do neno ou nena e o grupo ao que pertence. Non é necesario que cada un dos materiais veña marcado co nome do neno/a.

- *Alumnado de 3º a 6º de Primaria:* o propio alumnado traerá o seu material progresivamente os días 12, 13 e 16 de setembro.

## **8. FONDOLIBROS**

Os libros concedidos en Fondolibros para o alumnado de 3º e 4º de Primaria serán entregados polos titores/as tras asinar o recibí correspondente. Informaremos máis adiante da data de entrega.

A Coruña, a 2 de setembro de 2024

O equipo directivo